



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AXENCIA TRIBUTARIA

CARREIRA ADMINISTRATIVA:
Concursos : Mobilidade Xeográfica

Na reunión de hoxe a AEAT presentounos unha proposta de Mobilidade que, se ben ten algunha novidade respecto á que nos entregara na última xuntanza, non deixa de ser un mero borrador que está moi lonxe das reivindicacións da parte social. Desde a CIG defendemos un cambio radical tanto nas formas coma no fondo do sistema actual de concursos que temos nesta casa. Pensamos que, tras a sinatura do Acordo de Carreira Administrativa, xa non é necesario que ningún funcionario renuncie ao seu Tramo de Carreira para poder moverse e achegarse á súa localidade de orixe, e, desde logo, o sistema de mobilidade debe articularse coa maior das garantías e transparencia para todos os traballadores. Nesta reunión démonos conta tamén de que a propia Subdirección de Xestión de Persoal está no "limbo" cando, a estas alturas, descoñece que moitos funcionarios precisan máis de quince anos para poder conseguir unha praza en Galicia e iso é algo que ten que cambiar. Sabemos que é difícil chegar a un procedemento de traslados que sexa perfecto, pero o sistema de Mobilidade Xeográfica debe responder ás expectativas do persoal da Axencia Tributaria.

Desde a CIG pedimos:

- Convocatorias, como mínimo anuais, de concursos para todos os grupos.
- Compromiso, POR ESCRITO, de que a AEAT ofertará as prazas vacantes aos funcionarios que xa estén na AEAT con preferencia fronte aos de novo ingreso.
- Sistema áxil e transparente para a resolución dos concursos, baseado na antigüidade e, por suposto, sen o famoso "informe do xefe".
- Garantía retributiva, para evitar que un funcionario teña que comezar a súa carreira administrativa cada vez que se traslade.

Achegamos, coa nota informativa, a proposta de Mobilidade que se nos entregou na reunión e esperamos que a AEAT nos convoque próximamente coa resposta ás nosas peticións.

SEGUIREMOS INFORMANDO

04/06/09

CIG AEAT:
DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA
Rúa Comandante Fontanes, 10-sot.
Télf.: 981 61 68 89/687 82 15 44
Fax: 981 12 72 22-cigaeat@gmail.com